

Denominación galega das aves do Paleoártico occidental



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Edita

Real Academia Galega

DOI

<https://doi.org/10.32766/rag.440>



REAL
ACADEMIA
GALEGA

Denominación galega das aves do Paleoártico occidental

Coordinación académica

Manuel González González

Coordinación de ornitólogos

Silverio Cerradello Gómez
Xosé M. Penas Patiño
Cosme D. Romay Cousido

Autoría

Fernando Álvarez-Balbuena
Universidade de Oviedo

Silverio Cerradello Gómez
A Chave

Francisco Fernández Rei
Real Academia Galega
Instituto da Lingua Galega

Manuel González González
Real Academia Galega
Instituto da Lingua Galega

Serafín J. González Prieto
Sociedade Galega de Historia Natural
Misión Biolóxica de Galicia

Marilar Aleixandre
Real Academia Galega

Rafael López Loureiro
Ao noroeste do Noroeste (blogue)
costaartabra@blogspot.com

Xosé M. Penas Patiño

Cosme D. Romay Cousido
Grupo Naturalista Hábitat
Universidade da Coruña

M.ª Dolores Sánchez Palomino
Real Academia Galega
Universidade da Coruña

Antón Santamarina
Real Academia Galega
Instituto da Lingua Galega

Xesús Taboada Martínez
Sociedade Galega de Ornitoloxía



Introducción

Tanto en galego coma noutras linguas elaboráronse diversas listas de nomes de aves que pretenden denominar estas dunha maneira precisa e específica. Estas listas padrón son necesarias para a súa utilización no ámbito científico e mesmo en certos contextos divulgativos. Así, en castelán, inglés, francés, alemán e catalán existen denominacións para todas as aves do mundo, e noutro medio cento de linguas é posible nomear moitos dos paxaros que habitan no planeta de maneira específica. Recentemente, na esfera da lusofonía tamén se propuxeron nomes para todas as aves (Alves *et al.* 2021; Paixão 2021).

Desde o ano 1977, no ámbito da ornitoloxía galega especializada publicáronse diversos traballos para as aves detectadas en Galicia (Pedreira e Penas-Patiño 1977 e 1978; Conde e Vidal 1991; Conde, 1999; Romay e Vázquez 2010; Rouco *et al.* 2019), de modo que existen propostas denominativas galegas para as aves de Europa, extremo norte de África e Oriente Próximo e mesmo para máis de 4.000 das aproximadamente 11.000 especies de aves existentes no planeta (A Chave 2019). Pero as propostas publicadas ata agora, áinda que bastante

Introdución

parecidas ou en parte coincidentes, presentan ao mesmo tempo unha diversidade de escollas que non facilita o propósito inicial de precisión e especificidade con que foron concibidas.

Da recolla deses traballos precedentes e dos seus usos previos na ornitoloxía galega especializada, e apoiándonos nas nomenclaturas vernáculas en Galicia e no ámbito das lingua circundantes, formulamos agora unha proposta unificada das denominacións terminolóxicas das aves en galego, para que, co aval da Real Academia Galega, institución promotora desta iniciativa, sirva de instrumento para todo tipo de comunicación especializada no ámbito da ornitoloxía, sexa na realización de artigos científicos, libros, paneis, materiais divulgativos ou actividades de educación ambiental en lingua galega.



Metodoloxía e obxecto de estudo

No plenario da Real Academia Galega, de data 14 de decembro de 2018, a proposta do coordinador do Seminario de Terminoloxía, Manuel González González, tomouse o acordo, dentro do programa de actividades para o ano 2019, de constituír unha comisión integrada por académicos e polos principais especialistas e axentes relacionados co mundo da ornitoloxía galega co obxectivo de elaborar unha proposta unificada de denominación terminolóxica para as aves en galego. Esta proposta, revisada e aprobada pola RAG, está orientada ao uso na transmisión do coñecemento científico e na divulgación con certo nivel de especialización, pero de ningún modo pretende anular ou relegar a variedade denominativa de carácter dialectal, que constitúe unha riqueza patrimonial da lingua galega.

A comisión constitúfuse e comezou os seus traballos o día 14 de decembro de 2019, integrada polos seguintes membros: Antón Santamarina Fernández (RAG), María Dolores Sánchez Palomino (RAG), Manuel González González (RAG), Francisco Fernández Rei (RAG), Víctor Fresco (RAG), Marilar Aleixandre (RAG), Cosme Damián Romay Cousido (Grupo Naturalista Hábitat), Xosé

Metodoloxía e obxecto de estudo

Manuel Penas Patiño (naturalista), Rafael López Loureiro (naturalista), Serafín J. González Prieto (SGHN, Blog *Ao noroeste do Noroeste*), Miguel Conde Teira (biólogo), Silverio Cerradello (A Chave) e Fernando Álvarez-Balbuena (Universidade de Oviedo). Desta comisión inicial déronse de baixa Víctor Fresco e Miguel Conde Teira, e incorporouse como novo membro Jesús Taboada Martínez (SGO).

Á parte da xuntanza presencial inicial de decembro de 2019, houbo unha segunda o día 1 de febreiro de 2020 e unha terceira o 18 de decembro de 2021. Fóra destas xornadas presenciais, os traballos, discusións e votacións da comisión desenvolvéronse de maneira virtual sen interrupción durante máis de tres anos, desde decembro de 2019 ata outubro do 2023. Estas datas coincidiron en boa parte coas da pandemia da COVID-19, que de feito ocasionou inconvenientes que delongaron o traballo máis do previsto.

O obxecto de estudo foron os nomes galegos das aves. En canto ás especies abranguidas, sen renunciar á elaboración dunha proposta de denominacións en galego para todas as aves do mundo, tomouse como punto de partida a lista de nomes galegos publicada pola Sociedad Española de Ornitología (SEO) / BirdLife en 2019 na súa última versión, que recolleu a nomenclatura elaborada pola CLUNGA (Comisión para unha Lista Unitaria de Nomes Galegos de Aves) e consideráronse as de todo o territorio terrestre e marítimo español (incluíndo a zona económica exclusiva mariña, de 200 millas náuticas), con especial atención ás documentadas en Galicia ata o 31 de decembro de 2022: máis de 600 especies diferentes, se





engadimos tamén as que se teñen observado de maneira moi ocasional e as asilvestradas procedentes de cativerio.

Non se trataba, xa que logo, dun traballo terminolóxico puntual, senón que, pola contra, cumpría ter unha visión global dos diversos sistemas de nomenclatura que se ían formando nos diferentes grupos de aves. Por este motivo, amais das aves citadas en estado silvestre ou xa naturalizadas —ou en proceso de naturalización— no conxunto do Estado español, foron tamén obxecto de atención aves do Paleártico occidental e algunas especies exóticas, para asegurar que as denominacións escollidas designaban de maneira clara e precisa as aves ás que facían referencia.

Por exemplo, escolléronse as denominacións **arao** e **araíño** para as aves da familia *Alcidae*, tendo presente o seu tamaño corporal e mais o futuro desenvolvemento dos nomes galegos para todas as especies desta familia que existen no mundo: **arao** para as dos xéneros *Fratercula*, *Cerohinca*, *Cephus*, *Uria*, *Alca* e *Pinguinus*; e **araíño** para as dos xéneros *Ptychoramphus*, *Brachyramphus*, *Syntliboramphus*, *Aethia* e *Alle*, aínda que para este segundo nome só apareza na lista de nomes unificados **araíño atlántico**, *Alle alle*, por ser a especie que se pode presentar nas nosas costas. No estudo deste grupo mesmo se propuxo a denominación galega para unha ave extinta, como é o caso do *Pinguinus impennis*, para o que se estableceu o nome de **arao xigante**.

Para cada caso denominativo fíxose unha presentación da información existente, para pasar despois á análise, á argumentación e ao debate, na procura do acordo unánime, ou cando menos maioritario, para a escolla dun único nome entre varias solucións posibles. Foi necesaria,

Metodoloxía e obxecto de estudo

xa que logo, a revisión e xustificación de cada unha das propostas, tendo en conta as denominacións existentes en Galicia e no espazo da lusofonía, así coma noutras linguas europeas.

A diversidade das persoas integrantes da comisión, procedentes tanto do ámbito da lingüística coma do ámbito da ornitoloxía, supuxo sen dúbida un enriquecemento e unha mellora da calidade do traballo realizado ao considerar os problemas desde unha perspectiva multidisciplinar. Todos os membros da comisión puideron presentar e defender as súas propostas individuais ou das organizacións que representaban, que sempre foron debidamente valoradas, ata chegar a unha solución de consenso ou o máis maioritaria posible.



Os criterios

Inicialmente, estableceronse uns criterios preferentes para determinar os nomes estándares das aves en galego, que brevemente podemos sintetizar nos seguintes:

1. Sempre que sexa posible, recomendar unha denominación vernácula galega xa usada.
2. Recorrer, en segundo lugar, ás denominacións específicas formuladas no ámbito da ornitoloxía galega especializada.
3. Favorecer no posible a harmonización coas denominacións das linguas da nosa contorna cultural.
4. Examinar tamén as solucións doutras linguas románicas.
5. Tomar en consideración as denominacións existentes noutras linguas europeas non románicas, cando nin no ámbito da nosa contorna cultural nin no das linguas neolatinas se atopen propostas acaídas.

A flexibilidade na aplicación dun ou doutro criterio veu motivada polas particularidades de cada caso. Por unha banda, era preciso que o nome fose o máis transparente posible e que diferenciase ben as especies, para que se asociase doadamente co concepto que representa. Por outra banda, os nomes escollidos debían permitir a sistematicidade, ou sexa, que se puidesen usar facilmente con diversos adjectivos ou modificadores para nomear outras especies da mesma familia ou grupo.

Con independencia de cal fose o criterio que finalmente decidise a escolla dun nome para unha ave, procurouse que as novas denominacións acaesen ben co xenio da lingua, particularmente co sistema cultural galego, coas motivacións existentes noutras denominacións populares, coa morfoloxía e procedementos de formación de palabras propios da lingua galega e coa fonotáctica do sistema fonético e fonolóxico do galego.

Tívose especial coidado en evitar préstamos innecesarios do castelán e mesmo castelanismos más ou menos ocultos ou disfrazados, e tratouse de buscar denominacións propriamente galegas ou solucións acordes coa lingua e coa tradición lexicográfica galega.

Finalmente, fíxose unha reflexión sobre a recepción destas denominacións: sobre a previsible aceptación social en xeral, e de modo particular sobre a aceptación por parte do colectivo ornitolóxico galego, o profesorado e as persoas especialistas e comunicadoras, transmisoras de información e coñecemento neste ámbito, xa que van ser os usuarios fundamentais da terminoloxía que hoxe propoñemos.



Nomes vernáculos galegos

A lingua galega é extraordinariamente rica no que atinxo aos nomes vernáculos das aves. Hai millares deles, se temos en conta os nomes sinónimos que atopamos distribuídos diatopicamente (**arcea**, **galiñola**, **pitarola**, **pitorra**, **torda** etc., nomes todos para *Scolopax rusticola*) e as variantes morfolóxicas e fonéticas dunha mesma denominación (**escribidor**, **escribidora**, **escribente**, **escribenta**, **escribideira** etc., por exemplo, para as especies do xénero *Emberiza*).

Algunhas das denominacións patrimoniais son nomes simples, como **galguiñeira** para *Ixobrychus minutus* ou **bubela** para *Upupa epops*; e outras son nomes compostos, como **paporrubio** para *Erithacus rubecula*, ou **picapau** para as especies da familia *Picidae*. Moitos destes termos están formados por unha soa palabra, coma nos anteditos exemplos, aínda que ás veces poden constar de dous ou máis elementos, como **corvo mariño** para as especies da familia *Phalacrocoracidae*, ou **pita do monte** para *Tetrao urogallus*.

Sabemos que moitos destes nomes vernáculos están presentes na lingua galega desde vello: algúns documéntanse xa na época medieval; outros, en diversos textos e documentos antigos, especialmente nos dos ilustrados Sarmiento e Sobreira no século XVIII. Unha boa parte deles está tamén presente no refraneiro, en ditos e en cantigas de tradición oral (véxase cadro 1).

Para o presente traballo consideráronse todos as denominacións patrimoniais das aves presentes na bibliografía lexicográfica galega e mais as recollidas por diversas persoas especialistas en ornitoloxía e filoloxía nas diferentes áreas do territorio de fala galega, incluído o coñecido como galego exterior de Asturias, León e Zamora, como queda reflectido nas referencias bibliográficas.

Como xa se indicou, déuselles preferencia ás formas patrimoniais documentadas fronte a propostas neolóxicas, coma no caso dos vernáculos **cegoñela** para *Himantopus himantopus*, **chincharraíz** para *Emberiza calandra*, **zurrasca** para *Rallus aquaticus* ou **meloufa** para *Neophron percnopterus*. Ás veces, o mesmo vernáculo utilízase como formante do nome doutras aves do mesmo xénero que tamén existen no planeta, e foi preciso engadir un modificador que as identificase especificamente: así, para dúas das anteditas especies, **cegoñela común** e **zurrasca eurasíatica**.





Cadro 1. Algúns nomes galegos de aves que aparecen no refraneiro e na literatura popular de tradición oral

Corvos mariños na praia, sinal de vento e auga.
Os **corvos do mar** na terra, mariñeiro vente en vela!
Xuntanza de **pardelas**, mal tempo ou néboas.
Cando se pon a **pardela** a espiollar, non tarda un día o vendaval.
Cando pousa o **paiño** no mar, barrunta chuvia ou temporal.
Se ves **mascatos** voar, busca a sardiña no mar.
Cando a **garza** vai para o mar, colle os bois e ponte a arar.
Vai a **garza** para o monte? Colle os bois e lévaos á corte.
Día de san Paio, a **cegoña** nos prados.
Cando comes a **perdiz**, co dedo no nariz.
Cos bandos da **avefría**, chega tamén a invernía.
Mazaricos na praia a abouzar, os mariscos a aboiar.
Mazaricos á terra, mariñeiros sen pesca.
Cando chían os **biluricos**, moita auga e moito frío.
Xea? Mal pola **arcea**.
As **gaivotas**, clo!, clo!, a cantar, norte duro vai entrar.
Cando a **gaivota** anda á gradicela, mal para nós e fame para ela.
Carrán na praia, sinal de vento e auga.

O **azor** no pau, e o **falcón** na mao.

Miñato, miñato, que levas no papo?

Leite callado

Quen cho callou?

A filla do rei.

Cala, que xa llo direi.

Buxato, buxato, que levas no papo?

Leite callado

Quen cho callou?

A filla do rei.

Cala, que xa llo direi.

Peneireiro na terra, auga segura.

Cada **moucho** ao seu souto, e cada rato ao seu burato.

Se a **avelaiona** laia, prepara a mortalla.

Sete **petos** ten a **peta**, no burato dunha trabe; malas nacidas me maten, se non che conto verdade!

Por abril, o **cuco** ha vir.

Se queres saber cando é abril, a **anduriña** viracho dicir.

Unha **anduriña** soa non fai verán.

Catro aves voadoras son as que pasan o mar: a **andoriña** e mais o **cuco**, a **rula** e o **paspallás**.

Cando a **roliña** rolar, colle o foliño e vai sementar.



O **cuco** e mais a **bubela** estaban os dous no balcón; o **cuco**, como era falso, cantoulle o quirieleisón.

A **cotovía**, canto máis sobe, máis asubía.

Polo san Matías, xa cantan as **cotovías**.

O amigo leal e franco, ese é un **merlo** branco.

Teño andado moito á caza, nunca vin unha **carriza**; non sei se era polos cans, ou pola miña preguiza.

Onde a **pega** ten o ollo, alí ten o seu ovo.

Cando as **choias** van para Meira, pon a túa sella na goteira.

Estorniños e **pardais**, non somos todos iguais.

É ben coñecido que non poucas veces atopamos máis dun nome vernáculo galego para unha mesma especie —ou grupo de especies—, todos eles lexítimos e bos identificadores desa/s ave/s. Para o establecemento da denominación proposta foi necesario, cando se dá esta situación, escoller entre varias formas patrimoniais. Nalgúns casos, a solución foi darles preferencia ás maioritarias no territorio galego; isto explica, por exemplo, a escolla de **noiteboa** fronte a **avenoiteira** para as especies do xénero *Caprimulgus*. Para *Haematopus ostralegus* optouse pola denominación **lampareiro**, fronte ás formas **gavita** ou **gabita**, por ser ben caracterizadora e inequívoca, amais de estar relacionada coa súa alimentación (lamaróns, lámparas ou lapas), do mesmo modo que acontece cos nomes da especie noutras moitas linguas. De maneira más específica, para *Haematopus ostralegus*

—xa que hai varias especies do xénero *Haematopus* no planeta— queda a denominación **lampareiro eurasiático** (e **lampareiro canario** para *Haematopus meadewaldoi*, lamentablemente unha especie extinta).

Noutras ocasións, o que atopamos son voces patrimoniais con formas ou variantes moi parecidas. Aquí esolleuse tamén a forma maioritaria no territorio galego, ou aquela que mellor se adapta aos criterios seguidos no *Vocabulario ortográfico da lingua galega* e no *Dicionario da Real Academia Galega*. Así, por exemplo, déuselle preferencia á forma **anduriña** antes que a **andoriña** e á forma **merlo** antes que a **melro**; e consideráronse igualmente equivalentes para o seu uso as formas **rola** e **rula**.

Como queda dito, a revisión de nomes vernáculos galegos levou así mesmo ao rexeitamento de castelanismos innecesarios. Por exemplo, escollérонse as voces patrimoniais **arcea** para as aves do xénero *Scolopax* e **arceúcha** para as dos xéneros *Gallinago* e *Lymnocryptes*, antes que os préstamos respectivos **becada* e **becacina*, tomados do castelán. Deste xeito, afianzamos en galego un sistema de nomenclatura popular existente tamén en diversas linguas do mundo para a denominación destas aves, que relaciona o nome de *Scolopax rusticola*, máis grande e repoluda (**arcea**) e de hábitat forestal, cos das aves dos xéneros *Gallinago* e *Lymnocryptes*, parecidas fisicamente á primeira, pero máis pequenas e magras (**arceúcha**) e tamén diferenciadas polo seu hábitat acuático. Paralela e respectivamente, atópanse en francés *bécasse* e *bécassine*; en italiano, *beccaccia* e *beccaccino*; en piemontés, *bécassa* e *bécassin*; en catalán, *becada* e *becadell*; en neerlandés, *houtsnip* e *watersnij* etc.



Denominacións na ornitoloxía galega especializada

Desde os anos 70 do século pasado, a ornitoloxía galega especializada desenvolveu a tarefa de asignación de nomes específicos para as diferentes aves de Galicia e de Europa, na maioría dos casos a partir de denominacións populares xenéricas. Por exemplo, a partir do vernáculo **bilurico** formuláronse na ornitoloxía especializada os termos **bilurico común** para *Tringa totanus*, **bilurico escuro** para *Tringa erythropus*, **bilurico fino** para *Tringa stagnatilis* etc.

Tamén na procura desta especificidade, a ornitoloxía galega xa tivo que facer unha escolla cando había máis dun nome popular para unha especie ou grupo de especies. Por exemplo: **liñaceiro** antes que o sinónimo **nabineiro** para os paxaros dos xéneros *Acanthis* e *Linaria*, ou **paspallás** antes que o sinónimo **codorniz** para *Coturnix coturnix*, escollas —**liñaceiro** e **paspallás**— que son usadas na actualidade en galego nos escritos de contido especializado.

A lista dos nomes galegos das aves que aquí presentamos é en gran medida unha continuidade do traballo

previo levado a cabo pola ornitoloxía galega especializada. Para os mesmos vernáculos escollidos, mantívose o modificador xa asignado ou nalgún caso trocouse por outro que se considerou máis acaído: **liñaceiro de bico escuro** para *Linaria cannabina*, **liñaceiro de bico amarelo** para *Linaria flavirostris*, **paspallás migrador** para *Coturnix coturnix* etc. No caso de existiren varias formulacións na ornitoloxía galega para unha mesma especie, déuselle preferencia a aquela maiormente empregada, como por exemplo **carrán de bico curto** para *Gelochelidon nilotica*, fronte a **carrán mascateiro**, moito menos usada.

Os especificadores que se utilizan, poden estar formados por un adjetivo (**grande, vermello, alpino**), por un sintagma preposicional (**dos xuncos, de fazulas brancas...**) ou por un substantivo en aposición (**parrulo bóla**).

No que atinxe á motivación semántica, os modificadores específicos refírense fundamentalmente á morfoloxía ou ao aspecto da ave (**de pés vermellos, escuro, cristado, real**), mais abundan tamén os que fan referencia á distribución territorial (**atlántico, balear...**), ao hábitat (**da serra, dos penedos**), a características do seu comportamento (**chiador, pescadora**), ao nome de persoas relacionadas dalgunha maneira coa especie (**de Kramer, de Eleonora**) ou á súa frecuencia (**común**).

Respecto ao especificador **común**, cómpre dicir que nalgúns casos se procurou evitar polo seu carácter equívoco, xa que non se sabe se fai referencia a que se trata dunha especie ben coñecida en Galicia, na Península Ibérica, noutras territorios más amplos ou mesmo en todo o planeta. Así, por exemplo, preferiuse **avetarda grande a avetarda común** para *Otis tarda*, **camón mediterráneo** a



camón común para *Porphyrio porphyrio*, ou **abellaruco europeo** a **abellaruco común** para *Merops apiaster*. Noutros casos mantívose este especificador por se tratar de denominacións moi acaídas ou moi asentadas, que contan cunha longa tradición e que semella contraproducente modificar, como **pardal común** para *Passer domesticus* ou **papuxa común** para *Currucà communis*.

Para os especificadores que aluden ás partes do corpo, o galego mostra tradicionalmente preferencia pola utilización de sintagmas preposicionais (de cabeza listada, de bico grosso, de papo rubio, de rabo negro) fronte a adjectivos compostos sintéticos (**rabilongo**, **pernilongo**), áinda que para algúm dos nomes desta lista tamén se formulou excepcionalmente algúm composto sintético (**patiamarelo**) a fin de evitar un termo que fose longo de máis: **bilurico patiamarelo grande** para *Tringa melanoleuca* e **bilurico patiamarelo pequeno** para *Tringa flavipes*, mellor que ***bilurico de patas amarelas grande** ou ***bilurico de patas amarelas pequeno** (tamén **bilurico pativerde** para *Tringa nebularia*, por coherencia e cohesión no sistema de nomenclatura deste grupo).

Ademais, para as referencias á morfoloxía da ave seguiuse o criterio de formulalas en singular ou plural dependendo do número en que os elementos están presentes no corpo: rabirrubio **de testa branca** (evidentemente, só hai unha testa), parrulo **de ollos dourados** (porque hai dous ollos, e non ***parrulo de ollo dourado**), cerceta **de ás azuis** (porque hai dúas ás, e non ***cerceta de á azul**) etc.

Son tamén moitos os modificadores específicos que fan referencia a realidades xeográficas, ben mediante o uso dun adjetivo (**abisinio**, **alpina**, **andino**...), ben

mediante un sintagma preposicional (**do Pacífico, de Gran Canaria, da Madeira...**). En xeral, favoreceuse a utilización do adjetivo: **africano, americana, caboverdiano, antillana** etc, pero acudiuse ao sintagma preposicional cando a utilización do adjetivo resultaba pouco natural ou podía prestarse a confusión: **do Pacífico**, porque **pacífico**, sen máis, pode resultar anfibolóxico; **do norte**, porque **norteño** non é común en galego; **do Canadá e do Caspio**, pola súa tradición de uso nos nomes galegos das aves etc.

En relación coas propostas previas formuladas pola ornitoloxía galega especializada, unha das novedades desta lista unificada é a renuncia ao uso de **garzota** para as especies do xénero *Egretta*, por ser **garzota** un nome relacionado frecuente e intuitivamente con especies de maior tamaño, e non con *Egretta garzetta*. Así, só se utiliza a forma **garza** para este e outros xéneros da familia Ardeidae: **garza branca pequena** para *Egretta garzetta*, **garza dos arrecifes** para *Egretta gularis*, **garza real** para *Ardea cinerea*, **garza branca grande** para *Ardea alba* etc.

Na procura da sistematicidade, tentouse que as especies dun xénero científico concreto tivesen todas o mesmo nome xenérico galego. Mais, isto non sempre foi posible, de xeito que hai excepcións, motivadas por diversas razóns: porque a taxinomía científica pode mudar (unha especie pertencente a un xénero científico pode despois ser incluída noutro diferente, e posteriormente noutro), porque a nomenclatura popular galega das aves asocia nomes diferentes a distintas especies dun mesmo xénero científico (como ocorre, por exemplo, con **tordo** e **merlo** para as especies do xénero *Turdus*), ou porque



se considerou preferible manter nomes xa moi asentados tradicionalmente. Ese é o motivo polo cal dentro dun mesmo xénero, como *Anas*, por exemplo, se encontran **patos, cercetas e lavancos**. Tamén á inversa, un mesmo nome xenérico pode designar aves de xéneros afíns ou creados como tales se cadra non hai moito tempo, como por exemplo **folosa** (usado para paxaros dos xéneros *Acrocephalus*, *Hippolais*, *Iduna* e *Locustella*), **anduriña** (para os xéneros *Hirundo*, *Delichon*, *Cecropis*, *Ptyonoprogne* e *Petrochelidon*), ou **ferreiriño** (para os xéneros *Cyanistes*, *Lophophanes*, *Periparus* e *Poecile*). Cómpre mencionar, non obstante, que as excepcións á regra da sistematicidade nas denominacións das aves acontecen de maneira semellante en todas as linguas do mundo.

Non sempre as denominacións terminolóxicas das aves levan un especificador. Algunha ave é a única do seu xénero, ou posúe características que a fan senlleira no seu grupo, de modo que é coñecida de vello cun nome exclusivo para esa especie, sen necesidade dun complemento para singularizala. Esta tradición —bastante coincidente cos nomes das especies noutras linguas— mantense na lista unificada que se presenta para o galego. Por exemplo: **sisón** (*Tetrao tetrix*), **paporrubio** (*Erithacus rubecula*), **combatente** (*Calidris pugnax*), **esmerillón** (*Falco columbarius*) etc.

É preciso apuntar que para a formulación de todos os termos tamén se tivo presente a actualización taxinómica das especies. Por exemplo, ata hai ben pouco a ciencia recoñecía unha única especie de **xílgaro**, *Carduelis carduelis*, que escusaba levar un caracterizador específico no seu nome galego porque non había máis ca un. Mais, hoxe en

día considérase que existen dúas especies de **xílgaro** no planeta, *Carduelis carduelis* e *Carduelis caniceps*, coas súas correspondentes subespecies. Por esta razón escolleuse o termo **xílgaro europeo** para *Carduelis carduelis* (fronte a **xílgaro oriental** para *Carduelis caniceps*, cunha área de distribución que está fóra do Estado español).

No tratamento terminolóxico hai algunas denominacións vernáculas que son utilizadas como adxectivos especificadores para nomear certas aves do país. Por exemplo, os patrimoniais **avefría**, **abetouro** e **pernileiro** úsanse de maneira xenérica, respectivamente, para formular os nomes das aves dos xéneros *Vanellus*, *Botaurus* e *Burhinus*; e ademais os vernáculos **choromica**, **bruón** e **correbois** utilízanse tamén para caracterizar as tres especies do país. Deste xeito, atopamos **avefría choromica** (*Vanellus vanellus*), **abetouro bruón** (*Botaurus stellaris*) e **pernileiro correbois** (*Burhinus oedicnemus*).

Como vemos, e como é natural, existe unha coincidencia grande entre os nomes populares e os que figuran nesta proposta terminolóxica, mais hai casos en que algúns dos presentados non coinciden estritamente cos patrimoniais. Por exemplo, **buxato** e **miñato** adoitan ser sinónimos con distribución diatópica na fala popular, pero aquí reservouse o primeiro para as especies do xénero *Buteo*, e o segundo para as do xénero *Milvus*, aplicando unha metodoloxía terminolóxica que se ten empregado para a ornitonimia noutras moitas linguas. O resultado é que teríamos en galego un termo para designar as especies do xénero *Buteo* e outro para as especies do xénero *Milvus*, como acontece na maioría das linguas





desenvolvidas terminoloxicamente, e novas acepcións no significado galego de **buxato** e de **miñato**.

Deste xeito, **buxato** tería unha primeira acepción na lingua común como ‘ave de rapina diúrna, de tamaño mediano e plumaxe acastañada, da familia *Accipitridae*’, cos sinónimos **miñato** e **lamote** (entre outros); e unha segunda acepción especializada na terminoloxía ornitolóxica como ‘calquera das aves de rapina diúrna de tamaño mediano e rabo arredondado do xénero *Buteo*, como o **buxato comén** (*Buteo buteo*) ou o **buxato calzado** (*Buteo lagopus*)’.

Igualmente para **miñato**, teríamos unha primeira acepción na lingua común igual que a devandita de **buxato**, cos sinónimos **buxato** e **lamote**; e unha segunda acepción, na ornitoloxía especializada, como “calquera das aves de rapina diúrna de tamaño mediano e rabo forcado do xénero *Milvus*, como o **miñato real** (*Milvus milvus*) ou o **miñato negro** (*Milvus migrans*)”.

Harmonización coa nosa contorna cultural

Desde o comezo deste traballo tívose presente o criterio recollido nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (RAG e ILG) do ano 2004: “Para o arrequecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego”.

Sobre as referencias para os nomes lusófonos das aves tivéronse en conta, sobre todo, *Aves do mundo. Lista de nomes portugueses* (Alves et al. 2021) e *Os nomes portugueses das aves de todo o mundo: projeto de nomenclatura*, de P. Paixão (2021). Consultáronse, ademais, as seguintes obras específicas para o portugués de Portugal: Reyes-Prósper (1886), Paulino d’Oliveira (1896), Tait (1924), Pereira (1979), Sacarrão e Soares (1979), Rufino (1989), Costa et al. (2000, 2018), Matias et al. (2007, 2011), Catry et al. (2010), e Elias (2022). Para o Brasil, revisáronse Piacentini et al. (2015) e Pacheco et al. (2021); e para Angola, Mills e Melo (2013).

A maioría das voces adoptadas da lusofonía corresponden a aves raras ou ocasionais na nosa xeografía, para as que non dispomos de nomes específicos galegos. Nalgúns casos, os nomes xenéricos galegos vernáculos coinciden cos nomes portugueses, como **mazarico** (*maçarico*) ou **pilro**, e adoptouse o modificador luso específico: **mazarico subela** para *Xenus cinereus*, motivado pola forma do bico; ou **pilro anano** para *Calidris minutilla*, polo seu tamaño. Noutros casos mantívose o xenérico luso xa adoptado en galego para un grupo de aves, como **rolieiro** para as especies do xénero *Coracias*; de modo máis específico: **rolieiro europeo** para *Coracias garrulus* e **rolieiro abisinio** para *Coracias abyssinicus*.

As denominacións portuguesas tamén serviron para corrixir algúns castelanismo rechamante. Por exemplo, o nome **tordo *charlo** utilizado para *Turdus viscivorus* polo nome **tordo visgueiro**. *Charlo* e *charla* son denominacións andaluzas específicas para *Turdus viscivorus*, referidas ao “charr, charr” do seu reclamo, e de aquí o apelativo característica e exclusivamente castelán *zorzal charlo*, para nomear a especie. O especificador **visgueiro**, usado na lusofonía e escollido agora para o galego, alude á súa alimentación: as bagas de visgo, que se atopan entre as súas preferencias. Esta peculiar característica está indicada no nome científico da especie —*viscivorus*, que significa comedor de visgo— e tamén é coincidente coa denominación da especie noutras linguas: romanés, *sturz de vâsc*; inglés, *mistle thrush*; alemán, *Misteldrossel* etc. (tordo relacionado co visgo, en todas elas).

Por unha razón semellante rexitouse o nome ***malvasía**, nalgunha ocasión usado en galego para os patos



do xénero *Oxyura*, por ser **malvasía*, novamente, unha denominación característica e exclusivamente castelá destes patos. No seu lugar, adoptouse o termo portugués **pato de rabo alzado** (*pato-de-rabo-alçado*), claramente identificador destas especies, aínda que se considerou un pouco longo para a formación dos diferentes nomes específicos e formulouse como **raboalzado**. Así, preséntanse os termos **raboalzado de cabeza branca** para *Oxyura leucocephala* e **raboalzado americano** para *Oxyura jamaicensis* —as dúas especies presentes na Península Ibérica—. En galego, polo tanto, usaríase **malvasía** para referirse a un tipo de uva e de viño, chamados así na súa denominación de orixe, mais non para designar os patos do xénero *Oxyura*.

Outro sector onde foi importante a contribución da lusofonía é o das aves exóticas suramericanas ou africanas, presentes no Estado español de maneira ocasional ou asentadas recentemente procedentes de cativerio. Neste sentido, déuselles preferencia ás denominacións lusas antes que ás equivalentes castelás. Preferimos, pois, **bico de lacre** a **pico de coral** para os paxaros do xénero *Estrilda*; deste xeito, adoptamos para as tres especies xa ibéricas: **bico de lacre ondulado** (*Estrilda astrild*), **bico de lacre de rabo negro** (*Estrilda troglodytes*) e **bico de lacre de fazulas laranxa** (*Estrilda melpoda*). Igualmente, déuselle preferencia á forma **catorra** fronte a **cotorra** para as dúas especies xa amplamente establecidas en Europa: **catorra arxentina** (*Myiopsitta monachus*) e **catorra de Kramer** (*Psittacula krameri*).

Cando para unha especie exótica existía un nome castelán e un nome portugués adoptados de voces locais,

por vía de regra escolleuse o portugués. Por exemplo, tomouse do brasileiro o nome **ireré** para os patos do xénero *Dendrocygna* —á súa vez tomado do tupí—, fronte ao castelán *suirirí*, usado no Perú e Bolivia (e no norte da Arxentina como *siriri*). Propoñemos, pois, os nomes **ireré viúvo** para *Dendrocygna viduata* e **ireré caneleiro** para *Dendrocygna bicolor*. De modo similar, o nome **atobá** para as aves mariñas do xénero *Sula*: **atobá de pés vermellos** (*Sula sula*), **atobá grande** (*Sula dactylatra*) etc.

Harmonización con outras linguas romances e non romances

Cando se trata de aves que non están presentes habitualmente na nosa xeografía, ás veces non existen nomes vernáculos galegos e tampouco a lusofonía fornece unha solución óptima para nomealas. Nestes casos, despois de analizarmos as denominacións que reciben en linguas romances e non romances, escolleuse para o galego un nome que fose similar ao que reciben, de maneira coincidente, noutras linguas.

Así, por exemplo, en diversas linguas as denominacións dos paxaros do xénero *Cercotrichas* fan referencia ao seu trazo máis característico, o seu vistoso rabo: castelán, *alzacola*; catalán, *cuaenlairat* (rabo elevado) e *coadreta* (rabo derecho); neerlandés, *waderstaart* (rabo de abano); éuscaro, *buztantentea* (rabo ergueito); finés, *ruosteypyrsö* (rabo enferruxado) etc. Neste caso, escolleuse en galego **rabiteso** para as especies do xénero *Cercotrichas*, e **rabiteso rubio** para *Cercotrichas galactotes*, mellor que outros nomes propostos anteriormente, exclusivos ou menos transparentes.

No caso dos paxaros do xénero *Jynx*, da familia *Picidae*, escolleuse para o galego o nome **virapescozo**, que fai referencia á capacidade singular que teñen de virar o pescozo cando se senten ameazados, asemellándose a unha cobra. Noutras linguas noméanse de maneira similar: castelán, *torcecuello*; francés, *torcol*; catalán, *colltort*; italiano, *torcicollo*; portugués, *torcicolho*; inglés, *wryneck*; alemán, *Wendehals*; neerlandés, *draaihals* etc. Deste xeito adoptamos, máis especificamente, **virapescozo europeo** para *Jynx torquilla* e **virapescozo africano** para *Jynx ruficollis* (cunha área de distribución fóra do Estado español).

Procurando así mesmo a harmonización con outras linguas, escolleuse o nome **rei dos paspallás** para as especies do xénero *Crex*. A motivación semántica alude aos bandos migratorios mixtos que forma esta ave cos **paspallás migradores** (*Coturnix coturnix*), que é igualmente a orixe das denominacións que recibe en castelán, *guion de codornices* e *rey de codornices*; en italiano, *re di quaglie*; en francés *roi caille* ou *roi des cailles* (amais de *râle des genets*); ou en alemán, *Wachtelkönig*. En portugués, polo mesmo motivo, ademais de *codornizão*, *Crex crex* tamén é chamado *rei-das-codornizes*. Máis especificamente, en galego, propuse **rei dos paspallás europeo** para *Crex crex* (e **rei dos paspallás africano** para *Crex egregia*).

O nome **éider** co que en galego designamos algúns patos mariños é un préstamo do islandés *æðar* (no século XVIII escrito como *æðar*, ou *æðar*) ou do sueco *ejder*, que tamén foi adoptado por moitas linguas romances — incluído o portugués — e non romances: francés, *eider*; castelán, *éider*; catalán, *èider*; italiano, *edredone*; inglés, *eider*; alemán, *Eiderente*; dinamarqués, *ederfugl*; neerlandés,





eider; éuscaro, *eider* etc. Na presente lista unificada manteñese esta tradición xa existente en galego, cos nomes **éider común** para *Somateria mollissima* e **éider real** para *Somateria spectabilis*.

Outro préstamo tomado de linguas nórdicas para o galego é o de **havelda**, que se incorpora aquí como novidade para o pato mariño *Clangula hyemalis*. Procedente do islandés *havela* (ou *hávella*) ou do dinamarqués *havlit*, tamén presente no noruegués como *havelle*, pasou ao francés con diferentes formas ao longo dos séculos: *havelde* (datado en 1676, forma hoxe abandonada) e o actual estándar *harelde*. O mesmo nordismo foi incorporado ao castelán como *havelda* e pato *havelda*. En galego optouse por **havelda** para *Clangula hyemalis* por ser inequívoco, usándoo ademais de maneira exclusiva e sen necesidade de especificadores por ser este pato unha especie senlleira, única no seu xénero.

Outro exemplo de préstamo é o de **hubara** para as dúas especies do xénero *Chlamydotis*, nome que en Europa se difundiu principalmente a partir do francés *houbara*, procedente orixinariamente do árabe حبّاراً (hubārā). De modo semellante, existen *hubara* en castelán, *hubara* en catalán e *houbara* en inglés. En harmonía tamén neste caso coa lusofonía, escolleuse para o galego o termo **hubara moura** para *Chlamydotis undulata* (e **hubara oriental** para *Chlamydotis macqueenii*, con área de distribución fóra do Estado español).

O nome científico como fonte da denominación galega

Os nomes científicos tamén son fonte para nomear algúns das especies de aves en moitas linguas, e serven así mesmo de referencia para o galego. Este é o caso do xénero *Leiothrix*, formado a partir do grego clásico *leios*, que significa ‘suave’, e *thrix*, que significa ‘pelo’, adoptado para nomear estes paxaros en diversas linguas: francés, *léiothrix*; catalán, *leiòtrix*; castelán, *leiótrix*; inglés, *leiothrix*; lituano, *lejotriksas* etc. Igualmente en galego, antes que outras denominacións formadas con **rousinol** —xa que non son propiamente rousinois—, preferiuse o nome **leiótrix** para estas especies: **leiótrix de bico vermello** para *Leiothrix lutea* (e **leiótrix de bico amarelo** para *Leiothrix argentauris*, con área de distribución fóra do Estado español).

Tamén con referencia ao nome científico, destacamos a escolla de **cetía** para os paxaros do xénero *Cettia* ou da familia *Cettidae*, e **cetia das ribeiras** especificamente para *Cettia cetti*, cuxa denominación latina honra o zoólogo italiano Francesco Cetti. Considerouse esta opción mellor que outros termos propostos anteriormente en galego

para *Cettia cetti* formados con *rousinol* ou *reiseñor*, por causa do parecido que ten co **rousinol común** (*Luscinia megarhynchos*, que é doutra familia, *Muscicapidae*). De xeito semellante, este grupo de especies denomínase *cetia* en castelán, en eslovaco, e, ás veces, tamén na lusofonía, amais de no esperanto *ĉetio*.

Nesta mesma liña propúxose **pendureiro** para o xénero *Remiz*, e **pendureiro europeo** para *Remiz pendulinus*, paxaros que teñen a característica de teceren e penduraren o niño, como tamén se indica no nome científico, *pendulinus*. Preferiuuse **pendureiro** por ser claro e inconfundible, antes que préstamos rechamantes do castelán *pájaro moscón*, ou formacóns con *ferreiriño* —pois non son propriamente ferreiriños—. O nome que reciben noutras lingua tamén fai referencia ao feito de teceren e penduraren o niño: en italiano, *pendolino*; en catalán, *teixidor*; en inglés, *penduline-tit* etc.



